

Estudo de necesidades da poboación limiá: Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso"



Lucía Nóvoa Joga

Psicopedagoga no C.D.R. "O Viso"
lularaia@gmail.com

Andrea Veloso Cerredelo

Educadora Social no C.D.R. "O Viso"
andreaveloso_93@hotmail.com

Edesio Díaz González

Educador Social e Traballador Social
Colaborador do C.D.R. "O Viso")
edediagon@gmail.com

Rubén Sieiro Valencia

Mestre en Educación Infantil
(ex-traballador do C.D.R. "O Viso")
rsvruben@gmail.com

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 72-75

O Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso" é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída no 1990 e declarada de utilidade pública, cuxa ratio de actuación é a comarca da Limia, situada ao sueste da Provincia de Ourense, coa misión de "acompañar a xente do medio rural da Limia en procesos de desenvolvemento que asumen o desafío de facer medrar a toda persoa e a todas as persoas".

As súas orixes remóntanse á Asociación cultural "O Cruceiro", creada no 1985 como resposta ás inxerencias dun grupo veciñal que trataba de pór en valor a cultura rural galega. Posteriormente, no ano 1990, froito da observación das necesidades do seu medio máis próximo e da vontade de facerlles fronte, nace o CDR "O Viso", baixo un lema de Antonio Gandoy –fundador de Preescolar na Casa- (citado en López e Candia, 2014) que serve de faro para todas as súas actuacións: "O que é necesario, ten que ser posible; sostendo que, cando existe o convencemento de que algo é xusto, téñense que procurar as fórmulas para levalo a cabo" (p. 198).

A súa acción lévase a cabo a través dun proxecto integral dirixido á poboación rural máis vulnerable da comarca da Limia, colectivos excluídos e/ou en risco de exclusión social a través de accións globais de carácter social, educativas, informativas, económicas, de formación e emprego para que a súa comunidade permaneza no seu medio, nas mellores condicións e cunha maior calidade de vida.

Segundo sinala Rodríguez (2007), o CDR "O Viso" comezou a súa andaina no 1985 cando un grupo de persoas do lugar –algún labrego, un administrador, o mestre de Preescolar na Casa, un pastor- deciden xuntarse e comezar a traballar para dinamizar e reanimar unha comunidade que esmorecía. Inicialmente, recuperaron a celebración de festas e costumes –o entroido, os magostos, o Día de San Cidre e das Letras Galegas-; ou as Xornadas de Formación Popular, a "Doble-escola" ou os estudos dirixidos (Cid e Pérez, 2016).

Anos máis tarde puxeron en marcha o "Pobo-Escola", coa finalidade de dar

a coñecer moitos traballos comunitarios –facer o pan, traballar o vimbio-, coa particularidade da participación veciñal nesas tarefas e a máxima de aproveitar as funcións educativas do medio, contribuíndo tamén a mitigar a soidade de moitas persoas maiores. No 1999 puxeron en funcionamento o Comedor Social, e no 2002 a Vivenda Comunitaria “A túa outra casa”, para posibilitar a permanencia das persoas maiores no seu medio. Ademais, na actualidade dispoñen do Centro de Información Xuvenil, a Tenda de Comercio Xusto, o Albergue do Pobo-Escola, a Escola de Tempo Libre “Limicorum” e o Centro de Día para persoas maiores (Cid e Pérez, 2016).

O obxectivo xeral do presente estudo é describir que necesidades identifican as persoas adultas da comarca da Limia en distintos ámbitos e, pola súa banda, como obxectivos específicos: identificar as necesidades existentes no ámbito da familia e a infancia; determinar as necesidades existentes no ámbito da inclusión social; coñecer as necesidades existentes no ámbito da atención ás persoas maiores e/ou con discapacidade e, por último, identificar as necesidades no ámbito da mocidade.

Para a realización do estudo empregouse unha metodoloxía de investigación cuantitativa descritiva, mediante o uso dunha enquisa autoadministrada, opción que destaca por proporcionar flexibilidade á persoa enquisada para participar na investigación e poder acceder a persoas con maiores limitacións de participación (Martínez, 2015).

Para emprender a presente investigación levouse a cabo unha toma de contacto tan-



to cos axentes sociais da comarca da Limia, entre os que cabe destacar a Área de Dirección e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnado dos Centros de Ensino Infantil e Primario da Comarca da Limia. As persoas participantes seleccionadas para levar a cabo a presente investigación foron fundamentalmente persoas da comarca de 18 anos en diante, e dalgúns concellos limítrofes como o de Muíños, Padrenda ou Gomesende.

O instrumento de recollida de datos utilizado para a identificación das necesidades da sociedade civil limiá foi o cuestionario semiestruturado, organizado en subapartados para poder obter a información que dese resposta aos obxectivos formulados. Inicialmente editáronse uns cuestionarios en soporte papel e, complementariamente, empregouse un cuestionario dixital en Google Drive para favorecer o dinamismo na súa participación.

Repartíronse en total 1.115 enquisas entre a poboación e, unha vez que se contou con toda a información recollida, procedeuse á súa codificación

e análise de datos tendo en consideración os obxectivos do estudo. Das 1.115 enquisas repartidas, obtivéronse cubertas 257, das cales 212 eran de mulleres e 45 de homes, con idades comprendidas entre os 25 e os 65 anos.

En resposta ao primeiro dos obxectivos específicos da investigación, que versou sobre o ámbito da familia, a infancia e a dinamización demográfica, concluíuse o seguinte:

- A dispersión xeográfica na comarca e a baixa intensidade no transporte público seguen condicionando o acceso aos servizos de lecer e ocio de moitas familias.

- Demándase unha maior oferta de servizos educativos fóra da escola, o cal pon de manifesto que o tempo de lecer das e dos menores segue a tendencia produtivista da sociedade actual, cos prexuízos que tal carga de actividades está a ocasionar na infancia e na adolescencia. As e os menores pasan cada vez menos horas ao aire libre relacionándose co seu contorno, o cal supón consecuencias moi negativas para o seu des-



envolvemento cognitivo, comunicativo e físico, así como unha relación escasa co medio social e natural propio, minorando o seu sentimento comunitario.

– A conciliación da vida persoal, familiar e laboral é unha materia pendente para o Estado, xa que máis da metade das persoas manifestaron non ter apoios suficientes para a conciliación, o cal visto en perspectiva de xénero, é un hándicap máis para as mulleres que, en moitos casos, non poden reincorporarse aos seus empregos por atender as súas fillas e/ou os seus fillos ou persoas dependentes a cargo. Por outra banda, preto do 40%

respondeu poder conciliar, o que pode deberse á situación socioeconómica da comarca: a disposición das avoas e dos avós para o coidado da infancia e a alta taxa de paro.

– A cidadanía segue demandando apoio educativo a nivel de educación familiar e de educación para a saúde.

En resposta ao segundo dos obxectivos da investigación, enmarcado no eido da inclusión social en relación á área formativo-laboral, extraeuse o seguinte:

– Unha porcentaxe importante da cidadanía participante afirmou que pagaría pola formación a recibir, se esta é de

calidade e mellora a súa empregabilidade.

– É de salientar a demanda de formación para o autoemprego, ao tempo que tamén se segue solicitando formación en atención sociosanitaria a persoas dependentes.

– Fundamentalmente, os idiomas, os carnés de capacitación para transportes varios e as novas tecnoloxías –formación, toda ela, adherida ao novo marco socioeconómico– son as demandadas, pero requiren do acceso á oferta formativa privada para poder acometelas, salvo algunhas delas que se ofrecen dende as oficinas de emprego para persoas desempregadas.

Do terceiro bloque, enmarcado no ámbito da promoción da autonomía persoal, persoas maiores e persoas con diversidade funcional, extraeuse o seguinte:

– A maioría das persoas enquisadas amosaron as súas reticencias ao modelo de institucionalización que propugna a Administración e consideraron que os servizos destinados ás persoas maiores son insuficientes, optando por unha maior permanencia no domicilio, con apoios como centros de día e servizos domiciliarios.

– A poboación limiá valora moi positivamente entidades que ofrecen servizos para persoas con diversidade funcional –destacando “Limisi”–; non obstante, segue habendo moito descoñecemento dos servizos para este colectivo.

No que atinxe ao último dos obxectivos da investigación, as respostas son parcializadas xa que o colectivo obxecto de estudo non tivo voz na mesma, se ben cabe destacar:

– A gran maioría da cidadanía considera que a mocidade limiá non conta con suficien-



tes espazos culturais, formativos e/ou de ocio reclamando locais públicos nos cales a mocidade limiá poida desenvolverse nestes eidos.

– Unha porcentaxe importante non coñece o Centro de Información Xuvenil (CIX), o que evidencia a necesidade da súa maior promoción entre a cidadanía.

– As condutas aditivas e a falta de traballo e de oportunidades para a mocidade son as problemáticas máis perentorias para a poboación adulta participante.

Algunhas das debilidades que se lle poderían achacar ao estudo realizado serían a súa multidimensionalidade, en tanto que se trataron temáticas moi distintas e colectivos moi diferenciados. A mostra obtida é bastante representativa, pero obtívose unha moi baixa participación. Sendo así, son maiormente as mulleres as que tomaron parte no mesmo. Como sostén Díaz de la Rada (2010), este tipo de cuestionarios soen presentar unha baixa participación. Outra das súas limitacións é que a linguaxe empregada nos cuestionarios podería ser complexa para algunhas das persoas que o cu-

briron, polo que tería sido máis proveitosa cubrirla diante do persoal de investigación, pero tamén requiriría de maior tempo de implementación.

A modo de valoración final, obtivéronse conclusións moi diversas, pero é de destacar que a dispersión xeográfica determina o acceso a determinados servizos e á calidade de vida. No relativo a familia e infancia, a conciliación segue sendo unha materia pendente -tanto na súa concepción por parte das administracións como no ámbito familiar. En canto á inclusión e ao emprego, evidénciase a demanda de apoio ao autoemprego e formación en atención sociosanitaria, así como os idiomas ou novas tecnoloxías; formación toda ela adherida ao novo marco socioeconómico. No que atinxe ás persoas maiores, séguese demandando envellecer no domicilio con apoios á vida cotiá. Por último, e no que respecta á mocidade, as nais e os pais solicitaron espazos culturais e de ocio saudables para este colectivo.

Unha vez coñecidas, a groso modo, algunhas das necesidades sociais da comarca da Limia da man das propias per-

soas afectadas, informarase aos axentes comunitarios pertinentes para que –a través das propias potencialidades da comunidade– se valore o xeito de dar resposta ás mesmas primando a participación das e dos colectivos obxecto de estudo. ■

REFERENCIAS

- CID, X. M. e PÉREZ, E. (2016). Gerontoloxía educativa e intergeneracionalidad. *Revista Perspectivas Sociales*. Vol. 18 Núm. 1 93–125 PP [95].
- DÍAZ DE LA RADA, V. (2010). *Comparación entre os resultados proporcionados polas enquisas telefónicas persoais: o caso dun estudo electoral*. Madrid: CIS ("Opiniones y Actitudes", 66).
- LÓPEZ, A. e CANDIA, F. X. (2014). A loita pola educación no rural galego: unha manía que non calma. Apuntes para unha historia do período 1975-2014. *Innovación Educativa*, (24), 173- 214. Recuperado de file:///C:/Users/PC/Downloads/2218-8998-1-PB.pdf
- MARTÍNEZ, M. (2015). Técnicas de recollida de datos cuantitativos: a enquisa. En MARTÍNEZ, M.; MOTELLÓN, E.; NIETO, S.; RODRÍGUEZ, D.; SANJUÁN, L. e VALLDEORIOLA, J. (2015). *Métodos e técnicas de análise no ámbito laboral*. Barcelona: FUOC.
- RODRÍGUEZ, A. (2007). "CDR O Viso": o empeño de converter a recuperación da identidade en factor de desenvolvemento, en CID, X. M. e PERES, A. (eds.), *Educación Social, Animación Sociocultural e Desenvolvemento comunitario (927-936)*. Ourense: Universidade de Vigo.

PUBLICIDADE

ediciónsembora

CONTRA HISTORIAS DE GALICIA,
PREMIO FOLLAS NOVAS AO LIBRO ILUSTRADO

AUTOR: ANTONIO REIGOSA | ILUSTRADORA: RITA GUTIÉRREZ